

Modelo de entrevista ante unha situación de violencia de xénero

1. Realizar a entrevista nun **lugar tranquilo e confidencial** coas persoas da súa confianza
 - do centro é aconsellable que haxa 2 docentes; preferiblemente, con alguén do equipo directivo
 - é importante que estea a persoa que recibiu a primeira confidencia
 - é importante que o momento da declaración se coïde para qu eo testemuño teña garantías xurídicas por se se abre un procedemento
2. Conseguir un **clima de tranquilidade**, de confianza, de seguridade e de acompañamento para facer un acollemento adecuado á situación; hai que reforzar o valor do paso que está dando (evitar culpabilización, desvalorización, medo, vergoña)
 - ofrecerlle a nosa **atención** sen reservas (ímola escoitar e atender)
 - transmitir que **cremos** no seu testemuño
 - transmitir que o motivo que nos move é buscar a súa **seguridade e protección** e que imos buscar a axuda que faga falta; insistir en todo momento en que a prioridade é a súa seguridade e o seu benestar
 - *“antes de anda queremos que saibas que estamos aquí para axudar”*
 - *“o centro vai facer todo o posible para garantir que esteas segura”*
 - transmitir que está a **dar un paso** moi importante, o que fai ten moito **valor**
 - *“agradecemos que tiveses a confianza e a forza necesaria para contarnos esta situación”*
 - *“fuches moi valente e ten moito valor o que estás facendo”, “é importante o que estás facendo”*
 - *“o que estás facendo está moi ben”*
 - *“o que estás facendo é dar un paso para saír desta situación”*
 - quitarlle **medo, culpa e responsabilidade**
 - *“non é culpa túa”, “ti só transmites o que coñeces”*
 - *“é a nosa responsabilidade e o noso deber como adultos e como docentes dar unha solución a esta situación”*
3. Manter unha **actitude empática** coas emocións da testemuña
 - manter o contacto visual en todo momento
 - facilitar a comunicación, evitar ruído
 - facilitar a expresión das emocións, non bloquear as emocións, non xulgar as emocións.
 - acoller a dor, a vergoña, a culpa, o medo... que amose a testemuña
 - non amosar sorpresa, espanto ou estraneza ante ningunha expresión emocional, acompañar con empatía a testemuña (aproximarse fisicamente se é preciso)
 - comprender o seu medo e o seu pánico, aínda que nos poida parecer excesivo
 - transmitirle á testemuña que as súas reaccións son razoables (normais) nesa situación
 - poñernos no seu lugar, sen xulgala, non emitir xuízos de valor
4. Deixar que a **declaración da testemuña** flúa ao seu ritmo, sen interrompela e sen apremiala, sen aparvala con preguntas. Hai que animala a falar sen presións. Non se procura recadar a máxima información senón transmitir que a acompañamos, que a cremos e que a imos axudar.
 - persuadir para que dea o seu relato diante nosa
 - evitar interrupcións do testemuño (silenciar o móbil, pechar a porta, evitar inxerencias).
 - non poñer en dúbida o relato ou a interpretación que dá dos feitos
 - non criticar a súa actuación
 - deixarlle tempo para tomar as súas propias decisións e para avanzar na declaración
 - respectar as súas eleccións
 - *“toma o teu tempo para falar”, “para cando o necesites”*
 - *“usa as túas propias palabras para explicarnos o que pasou”*
 - *“non te preocupes por nada, se non entendemos ben algo xa o preguntamos despois”*
 - **axudala a pensar, a ordenar as súas ideas e a tomar decisións**

5. **Rexistrar mentalmente** e interpretar ben toda a información que se produza e aclarar todo o que cumpra saber
 - **gravar a entrevista?**
 - calidade da testemuña (víctima directa, vítima indirecta, testemuña...)
 - estado emocional da testemuña
 - expresión corporal
 - declaración verbal
 - necesidades (acabar co estrés, buscar comprensión, buscar asesoramento, acabar coa violencia, verbalizar a violencia, denunciar unha agresión...)
 - a normalización da violencia por parte da testemuña, a autocupa ou a exculpabilización do agresor deben ser interpretadas como parte das consecuencias psicolóxicas da violencia.
6. Concretar a información que dá a testemuña para **asegurar os datos** que necesitamos para avanzar na intervención que cumpra; pódese facer a través da escoita activa reformulando ou retomando a información que deu
 - “ímos concretar a situación para ver se entendemos todo ben”
 - aclarar quen coñece os feitos
 - coñecer que pasos se deron con anterioridade, se se comunicaron os feitos anteriormente
 - coñecer se hai algún feito que precipitou o testemuño (desencadeante)
 - avaliar a perigosidade da situación na actualidade (vulnerabilidade da vítima)
7. **Non definir a situación que se está dando e termos de ilícito penal** (maltrato, violación, abuso sexual, ablación, prostitución); a vítima pode non estar preparada para asumir na súa xusta medida a violencia do que sucedeu e pódelle resultar complicado comunicalo ou expresalo fielmente. Pode mesmo ter un nivel de vergoña e culpa que oculte en certa maneira a gravidade de todos os feitos acontecidos. Pode tamén que como mecanismo de defensa estea a ocultar a gravidade de certos feitos.
 - “estamos ante unha situación seria que debemos atender”
 - “vemos que esta situación che está facendo dano”
8. **Pechar a entrevista**
 - aclarar que pasos se van dar para solucionar esa situación
 - indicar que é importante acabar coa violencia para que a vítima se recupere
 - desnormalizar a violencia
 - non mencionar os nomes dos organismos
 - ofrecer acompañamento emocional á testemuña e atender os seu estado emocional
 - **alertar dos riscos**
 - explicar as medidas de protección que se van adoptar
 - proporcionarlle información sobre recursos, sen abrumala con información excesiva, proporcionarlle o contacto e a fórmula para que acuda aos recursos de derivación
 - convencela de que necesita apoio e axuda para rematar coa violencia que sofre
9. Evitar/reducir a **revitimización** (vitimización secundaria)
 - evitar expresións culpabilizadoras ou responsabilizadoras por ter calado non actuado a tempo
 - **“e sabes isto desde hai moito tempo?”**
 - non interrogar constantemente a testemuña sobre o acontecido
 - promover medidas cautelares de protección da vítima
 - observar polo miúdo a conduta da vítima para comprobar a súa seguridade
 - atender a vítima para comprobar que non se estean a reproducir os feitos
 - atender o estrés postraumático que poida estar a sufrir
 - non xulgar a vítima (porque non se decata do que pasa, porque non fala a tempo, porque non actúa a tempo, porque non denuncia, porque volve co agresor...)